Naqueles supostos en que o nome dunha vía xa incluída no rueiro se vexa afectado por calquera tipo de modificación, seguirá conservando a categoría que tiña asignada.

A concellería delegada de Facenda ditará as necesarias resolucións de actualización do rueiro fiscal derivadas das circunstancias comprendidas nos apartados anteriores.

Disposición transitoria primeira. Procedementos en tramitación

Os expedientes de xestión, recadación e inspección tributaria en tramitación á entrada en vigor desta ordenanza rexeranse, nas súas actuacións posteriores, polo disposto nela, salvo naqueles aspectos en que a súa aplicación lle resulte máis desfavorable á persoa obrigada tributaria.

Disposición transitoria segunda. Mantemento de alta no Plan de pagos personalizado

Todos os contribuíntes que, con anterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza, estivesen acollidos ao Plan de pagos personalizado regulado nos artigos 84 a 92 desta ordenanza, permanecerán de alta no devandito plan sen necesidade de efectuar unha nova solicitude.

Disposición final primeira. Instrucións de aplicación

A persoa titular da concellería delegada de Facenda ditará cantas instrucións sexan necesarias para a correcta aplicación e cumprimento do disposto nesta ordenanza.

Disposición final segunda. Derrogación normativa

Á entrada en vigor da presente ordenanza quedarán derrogadas as seguintes disposicións municipais:

- A Ordenanza xeral de xestión, aprobada a súa derradeira modificación por acordo do Pleno municipal do 29.12.2015.
- A Ordenanza xeral de recadación, aprobada a súa derradeira modificación por acordo do Pleno municipal do 20.10.2017.



- O Regulamento da inspección de tributos municipais, aprobado por acordo do Pleno municipal do 19.12.2008.

As referencias que as distintas ordenanzas fiscais municipais fagan ás anteriores ordenanzas xerais que agora se derrogan, entenderanse feitas á presente ordenanza fiscal xeral.

Disposición final terceira. Entrada en vigor

A presente ordenanza e, se é o caso as súas modificacións, entrarán en vigor no momento da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e comezaranse a aplicar a partir do 1 de xaneiro seguinte, salvo que nelas se sinala outra data, e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación.

Intervencións

Presidencia

Ben, terá a palabra en primeiro lugar o voceiro do Goberno, o señor Lage Tuñas e despois haberá unha única quenda de cinco minutos por grupo.

Señor Lage, ten a palabra.

Señor Lage Tuñas

Bo día, señora alcaldesa, bo día a todas e a todos.

Traemos hoxe ó Pleno dúas ordenanzas que buscan aportar mellores servizos e maior seguridade xurídica e claridade na xestión deste concello á cidadanía. A primeira delas, a Ordenanza fiscal reguladora das contribucións especiais, é por todos coñecida e xa se deron detalles polo miúdo na Comisión correspondente. Aínda así, gustaríame destacar algúns aspectos da mesma e tamén algunhas consecuencias prácticas.

Como saben, as compañías aseguradoras que prestan servizo neste municipio e que se benefician, obviamente, da existencia dun servizo como o servizo de Bombeiros, son os suxeitos pasivos que grava esta ordenanza e que están por Lei obrigadas a aboar unha cota en función do número de pólizas expedidas por cada unha das empresas. Esta ordenanza

Intervenciones

Presidencia

Bien, tendrá la palabra en primer lugar el portavoz del Gobierno, el señor Lage Tuñas y después habrá un único turno de cinco minutos por grupo.

Señor Lage, tiene la palabra.

Señor Lage Tuñas

Buenos días, señora alcaldesa, buenos días a todas y a todos.

Traemos hoy al Pleno dos ordenanzas que buscan aportar mejores servicios y mayor seguridad jurídica y claridad en la gestión de este ayuntamiento a la ciudadanía. La primera de ellas, la Ordenanza fiscal reguladora de las contribuciones especiales, es por todos conocida y ya se dieron detalles minuciosos en la Comisión correspondiente. Aun así, me gustaría destacar algunos aspectos de la misma y también algunas consecuencias prácticas.

Como saben, las compañías aseguradoras que prestan servicio en este municipio y que se benefician, obviamente, de la existencia de un servicio como el servicio de Bomberos, son los sujetos pasivos que grava esta ordenanza y que están por Ley obligadas a abonar una cuota en función del número de pólizas expedidas por cada una de las empresas. Esta ordenanza



permite cada ano obter recursos cuxo investimento repercute na modernización e actualización de medios para o servizo de bombeiros. Os investimentos que se executan están sufragados nun 90 % con fondos recadados e o 10 % é unha aportación de fondos propios municipais. É dicir, o 90 % é a través destas contribucións especiais.

No ano 2024, grazas á aprobación desta ordenanza, o Concello vai a dotar de máis medios ós profesionais do corpo de Bombeiros e ó conxunto do Servizo. Entre outros, gustárame destacar novidades como as seguintes, novidades que eu creo que cómpre que todos coñezamos: un vehículo de descontaminación co correspondente equipamento valorado en 360.000 €; unha moto náutica para rescate no mar; unha autoescada e un vehículo lixeiro de transporte para persoas valorados no seu conxunto en 624.444 €. Ademais, o Concello vai destinar unha partida de máis de 400.000 €, concretamente 431.111 €, para a adquisición dunha parcela lindeira co Parque da Agrela, cun obxectivo que non é nin máis nin menos que mellorar as instalacións e ampliar o Parque de Bombeiros. É dicir, que sigamos mellorando o servizo que temos. Non só se trata de novas dotacións, senón tamén da ampliación do espazo que temos para parque de bombeiros.

Creo que é un asunto no que será fácil concordar e agardo que poidamos obter o respaldo do conxunto da Corporación, pero non quero deixar de pasar a oportunidade tamén para poñer en valor o excelente traballo que realizan os bombeiros da Coruña. Creo que temos que sentirnos orgullosos do servizo municipal que temos, que é un exemplo para o conxunto de bombeiros de toda Galicia. Cando se fala do servizo de bombeiros da Coruña, se fai con orgullo

permite cada año obtener recursos cuyo inversión repercute en la modernización y actualización de medios para lo servicio de bomberos. Las inversiones que se ejecutan están sufragados en un 90 % con fondos recaudados y el 10 % es una aportación de fondos propios municipales. Es decir, el 90 % es a través de estas contribuciones especiales.

En el año 2024, gracias a la aprobación de esta ordenanza, el Ayuntamiento va a dotar de más medios a los profesionales del cuerpo de Bomberos y al conjunto del Servicio. Entre otros, me gustaría destacar novedades como las siguientes, novedades que yo creo que es preciso que todos conozcamos: un vehículo de descontaminación con el correspondiente equipamiento valorado en 360.000 €; una moto náutica para rescate en el mar; una autoescalera y un vehículo ligero de transporte para personas valorados en su conjunto en 624.444 €. Además, el Ayuntamiento va a destinar una partida de más de 400.000 €, concretamente 431.111 €, para la adquisición de una parcela colindante con el Parque de la Agrela, con un objetivo que no es ni más ni menos que mejorar las instalaciones y ampliar el Parque de Bomberos. Es decir, que sigamos mejorando el servicio que tenemos. No solo se trata de nuevas dotaciones, sino también de la ampliación del espacio que tenemos para parque de bomberos.

Creo que es un asunto en el que será fácil concordar y espero que podamos obtener el respaldo del conjunto de la Corporación, pero no quiero dejar de pasar la oportunidad también para poner en valor el excelente trabajo que realizan los bomberos de A Coruña. Creo que tenemos que sentirnos orgullosos del servicio municipal que tenemos, que es un ejemplo para el conjunto de bomberos de toda Galicia. Cuando se habla del servicio de bomberos de A Coruña, se hace con



como exemplo de boas políticas na seguridade pública.

E como lles dicía, esta ordenanza vai a permitir ampliar o Parque de Bombeiros, mellorar as instalacións e tamén dotar de novos vehículos de última xeración ó noso corpo de bombeiros.

Por outra banda, traemos igualmente a Pleno hoxe para a súa aprobación inicial a Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e tamén doutros ingresos de dereito público. Coido tamén que este texto debería de supoñer un amplo consenso, un amplo acordo, debería de suscitar un amplo respaldo, dado que se trata de configurar un marco xurídico proporcional, simplificado, pensando en mellorar a relación entre a Administración e os cidadáns e que faga homoxénea toda a actuación municipal en materia tributaria, que reforce a seguridade xurídica dos cidadáns contribuíndo a facer máis sinxela a súa relación con esta administración.

Este texto refunde o que antes estaba repartido noutras tres ordenanzas e regulamentos, as de inspección tributaria, xestión tributaria e recadación, abundando nunha maior claridade e maior coherencia.

Como saben, esta ordenanza pasou o trámite preceptivo de consulta pública previa para darlle a maior difusión e transparencia. Neste proceso non se rexistrou ningunha alegación. O obxectivo non é outro, como decía, que reforzar o réxime de dereitos e garantías dos contribuíntes aclarando termos e precisando aspectos que puideran ser interpretados de xeito ambiguo.

A Ordenanza establece tamén con moita claridade posibles aspectos como os

orgullo como exemplo de buenas políticas en la seguridad pública.

Y como les decía, esta ordenanza va a permitir ampliar el Parque de Bomberos, mejorar las instalaciones y también dotar de nuevos vehículos de última generación a nuestro cuerpo de bomberos.

Por otra parte, traemos igualmente a Pleno hoy para su aprobación inicial la Ordenanza general de gestión, recaudación e inspección de los tributos y también de otros ingresos de derecho público. Creo también que este texto debería suponer un amplio consenso, un amplio acuerdo, debería suscitar un amplio respaldo, dado que se trata de configurar un marco jurídico proporcional, simplificado, pensando en mejorar la relación entre la Administración y los ciudadanos y que haga homogénea toda la actuación municipal en materia tributaria, que refuerce la seguridad jurídica de los ciudadanos contribuyendo a hacer más sencilla su relación con esta administración.

Este texto refunde lo que antes estaba repartido en otras tres ordenanzas y reglamentos, las de inspección tributaria, gestión tributaria y recaudación, abundando en una mayor claridad y mayor coherencia.

Como saben, esta ordenanza pasó el trámite preceptivo de consulta pública previa para darle la mayor difusión y transparencia. En este proceso no se registró ninguna alegación. El objetivo no es otro, como decía, que reforzar el régimen de derechos y garantías de los contribuyentes aclarando términos y precisando aspectos que pudieran ser interpretados de manera ambigua.

La Ordenanza establece también con mucha claridad posibles aspectos como los

prazos dos procesos administrativos, os sistemas de pagamento habilitados, as posibilidades de fraccionamento das obrigas, entre outras moitas cousas, permitindo que todos os cidadáns poidan ter un coñecemento preciso nunha única ordenanza de todos os seus dereitos.

Coido que as dúas ordenanzas contribuirán a mellorar servizos xa existentes e a facilitar á cidadanía a súa relación, non sempre sinxela, coa Administración, reducindo burocracia e axudando a aclarar as cousas. Diría que estamos diante dunha oportunidade de que podamos estar de acordo, máis alá das diferencias partidarias, porque creo que estamos a falar de dous servizos que son relevantes, non?

Pediríalles o apoio para esta iniciativa e que podamos atopar un punto de encontro.

Presidencia

Moitas grazas, señor Lage.

Comezamos o turno de debate de cinco minutos por grupo. Señor Jorquera, polo BNG, ten a palabra.

Ás dez horas e catorce minutos sae do Salón de Sesións a señora Veira González.

Señor Jorquera Caselas

Moitas grazas.

Como é habitual quero aproveitar a primeira intervención para saudar o público que estea seguindo este pleno por *streaming*, o persoal do Concello, as traballadoras e traballadores da prensa e os membros da Corporación, e quero enviar tamén un saúdo ás traballadoras e traballadores que fan labores de

plazos de los procesos administrativos, los sistemas de pago habilitados, las posibilidades de fraccionamiento de las obligaciones, entre otras muchas cosas, permitiendo que todos los ciudadanos puedan tener un conocimiento preciso en una única ordenanza de todos sus derechos.

Creo que las dos ordenanzas contribuirán a mejorar servicios ya existentes y a facilitar a la ciudadanía su relación, no siempre sencilla, con la Administración, reduciendo burocracia y ayudando a aclarar las cosas. Diría que estamos ante una oportunidad de que podamos estar de acuerdo, más allá de las diferencias partidarias, porque creo que estamos hablando de dos servicios que son relevantes, ¿no?

Les pediría el apoyo para esta iniciativa y que podamos encontrar un punto de encuentro.

Presidencia

Muchas gracias, señor Lage.

Comenzamos el turno de debate de cinco minutos por grupo. Señor Jorquera, por el BNG, tiene la palabra.

A las diez horas y catorce minutos sale del Salón de Sesiones la señora Veira González.

Señor Jorquera Caselas

Muchas gracias.

Como es habitual quiero aprovechar la primera intervención para saludar al público que esté siguiendo este pleno en directo, al personal del Ayuntamiento, a las trabajadoras y trabajadores de la prensa y a los miembros de la Corporación, y quiero enviar también un saludo a las trabajadoras y trabajadores



conserxería nas instalacións deportivas municipais que están concentrados neste momento na praza de María Pita reclamando o cumprimento das novas condicións salariais acordadas no convenio laboral.

O BNG non se vai opoñer á aprobación inicial das dúas ordenanzas que agora se debaten. Polo que respecta á Ordenanza reguladora das contribucións especiais para a ampliación do servizo de extinción de incendios, o artigo 58 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais establece a posibilidade de exixir contribucións especiais polo establecemento ou ampliación de servizos municipais, e tanto nesta lei como na Ordenanza xeral de contribucións especiais recóllese que o Concello pode acordar a imposición e ordenación de contribucións especiais para a ampliación do servizo de extinción de incendios. O propio Tribunal Supremo e o Tribunal Constitucional téñense pronunciado resolvendo que esta ampliación beneficia especialmente as compañías aseguradoras dado que tende a reducir a siniestralidade e a facer menores os danos do asegurado, polo que o asegurador terá que pagar menos indemnizacións e estas serán de menor contía, co conseguinte medre da súa marxe de beneficio, razón pola cal é xusto que contribúan a sufragar os custos do servizo.

No caso que nos ocupa, increméntase o custo da ampliación do servizo en algo máis de 1.400.000 € resultado, como se explicou, da adquisición dunha parcela para a ampliación do Parque de Bombeiros, unha moto acuática, unha autoescada, un vehículo de transporte lixeiro e un vehículo de descontaminación, polo que o total das contribucións especiais a aprobar será de

que hacen labores de conserjería en las instalaciones deportivas municipales que están concentrados en este momento en la plaza de María Pita reclamando el cumplimiento de las nuevas condiciones salariales acordadas en el convenio laboral.

El BNG no se va a oponer a la aprobación inicial de las dos ordenanzas que ahora se debaten. Por lo que respecta a la Ordenanza reguladora de las contribuciones especiales para la ampliación del servicio de extinción de incendios, el artículo 58 del Texto Refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales establece la posibilidad de exigir contribuciones especiales por el establecimiento o ampliación de servicios municipales, y tanto en esta ley como en la Ordenanza general de contribuciones especiales se recoge que el Ayuntamiento puede acordar la imposición y ordenación de contribuciones especiales para la ampliación del servicio de extinción de incendios. El propio Tribunal Supremo y el Tribunal Constitucional se han pronunciado resolviendo que esta ampliación beneficia especialmente a las compañías aseguradoras dado que tiende a reducir la siniestralidad y a hacer menores los daños del asegurado, por lo que el asegurador tendrá que pagar menos indemnizaciones y estas serán de menor cuantía, con el consiguiente incremento de su margen de beneficio, razón por la cual es justo que contribuyan a sufragar los costes del servicio.

En el caso que nos ocupa, se incrementa el coste de la ampliación del servicio en algo más de 1.400.000 € resultado, como se explicó, de la adquisición de una parcela para la ampliación del Parque de Bomberos, una moto acuática, una autoescalera, un vehículo de transporte ligero y un vehículo de descontaminación, por lo que el total de las contribuciones especiales a aprobar será de cerca de



preto de 1.300.000 € dado que está establecida nun 90 % a porcentaxe de contribucións especiais completándose cun 10 % a achega municipal.

Polo que respecta á nova Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e outros ingresos de dereito público municipais, con esta proposta se pretende unificar nun único texto a Ordenanza xeral de xestión do ano 2015, a Ordenanza xeral de recadación do ano 2017 e o Regulamento de inspección de tributos municipais do ano 2008 e adecuar o novo texto ós sucesivos cambios legais, sobre todo ás sucesivas reformas que experimentou a Lei xeral tributaria.

A proposta da nova Ordenanza, como tamén se explicou, non tivo alegacións no proceso de exposición e consulta pública, conta co ditame favorable do Tribunal Económico-Administrativo Municipal e ademais estes cambios non supoñen a asunción de novas cargas ou obrigas administrativas para as e os contribuíntes, e como se cita no preámbulo, abordar o conxunto da regulación xeral fiscal nun único texto facilita a súa accesibilidade, consulta e interpretación integral por parte das persoas contribuíntes e do conxunto dos operadores tributarios, e ademais reforza o principio de seguridade xurídica.

Por estas razóns, o BNG non ten obxeccións á aprobación inicial destas ordenanzas.

Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señor Jorquera.

Turno para o Partido Popular, señor Rodríguez.

1.300.000 € dado que está establecido en un 90 % el porcentaje de contribuciones especiales completándose con un 10 % la aportación municipal.

Por lo que respecta a la nueva Ordenanza general de gestión, recaudación e inspección de los tributos y otros ingresos de derecho público municipales, con esta propuesta se pretende unificar en un único texto la Ordenanza general de gestión del año 2015, la Ordenanza general de recadación del año 2017 y el Reglamento de inspección de tributos municipales del año 2008 y adecuar el nuevo texto a los sucesivos cambios legales, sobre todo a las sucesivas reformas que experimentó la Ley general tributaria.

La propuesta de la nueva Ordenanza, como también se explicó, no tuvo alegaciones en el proceso de exposición y consulta pública, cuenta con el dictamen favorable del Tribunal Económico-Administrativo Municipal y además estos cambios no suponen la asunción de nuevas cargas u obligaciones administrativas para las y los contribuyentes, y como se cita en el preámbulo, abordar el conjunto de la regulación general fiscal en un único texto facilita su accesibilidad, consulta e interpretación integral por parte de las personas contribuyentes y del conjunto de los operadores tributarios, y además refuerza el principio de seguridad jurídica.

Por estas razones, el BNG no tiene objeciones a la aprobación inicial de estas ordenanzas.

Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señor Jorquera.

Turno para el Partido Popular, señor Rodríguez.



Señor Rodríguez Martínez

Ben, bo día a todos.

Antes de entrar no debate conxunto destas ordenanzas cómpre comezar por felicitar o señor Lage polo seu recente ascenso. Parecía imposible acumular aínda máis poder, pero a abdicación —en sentido figurado— da señora Rey, xa alcaldesa emérita, vén de converter a Concellería de Planificación Estratéxica na nova alcaldía e ó seu concelleiro, o señor Lage, no novo alcalde. Moi preocupante porque por desgraza semella que o que se está a planificar estratéxicamente dende esa concellería non ten nada que ver co interese xeral da cidade.

En canto á aprobación da Ordenanza fiscal reguladora das contribucións especiais para a ampliación do servizo de extinción de incendios, votaremos a favor. Non vou a reproducir os motivos xa expostos na anterior exposición polo señor Jorquera.

Tampouco nos imos opoñer, polos mesmos motivos, á aprobación inicial da Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos, pero esta aprobación inicial desta ordenanza, coincidente no tempo coa toma de coñecemento da liquidación do exercicio 2023 e do estado da liquidación deste de 2024 ben merece unha reflexión por parte deste goberno municipal de cara á tramitación dos vindeiros orzamentos porque, sen discutir a oportunidade da nova ordenanza de recadación, é imprescindible reconsiderar canto se está a recadar e valorar moi seriamente a necesidade de rebaixar a presión fiscal dos coruñeses. Me explico.

No exercicio 2023 Inés Rey deixou sen gastar 63,6 millóns de euros, pero o que é

Señor Rodríguez Martínez

Bien, buenos días a todos.

Antes de entrar en el debate conjunto de estas ordenanzas hay que comenzar por felicitar el señor Lage por su reciente ascenso. Parecía imposible acumular aun más poder, pero la abdicación —en sentido figurado— de la señora Rey, ya alcaldesa emérita, acaba de convertir la Concejalía de Planificación Estratégica en la nueva alcaldía y a su concejal, el señor Lage, en el nuevo alcalde. Muy preocupante porque por desgracia parece que lo que se está planificando estratégicamente desde esa concejalía no tiene nada que ver con el interés general de la ciudad.

En cuanto a la aprobación de la Ordenanza fiscal reguladora de las contribuciones especiales para la ampliación del servicio de extinción de incendios, votaremos a favor. No voy a reproducir los motivos ya expuestos en la anterior exposición por el señor Jorquera.

Tampoco nos vamos a oponer, por los mismos motivos, a la aprobación inicial de la Ordenanza general de gestión, recaudación e inspección de los tributos, pero esta aprobación inicial de esta ordenanza, coincidente en el tiempo con la toma de conocimiento de la liquidación del ejercicio 2023 y del estado de la liquidación de este de 2024 bien merece una reflexión por parte de este gobierno municipal de cara a la tramitación de los próximos presupuestos porque, sin discutir la oportunidad de la nueva ordenanza de recaudación, es imprescindible reconsiderar cuánto se está recaudando y valorar muy seriamente la necesidad de rebajar la presión fiscal de los coruñeses. Me explico.

En el ejercicio 2023 Inés Rey dejó sin gastar 63,6 millones de euros, pero lo que



aínda peor, ingresou 56 millóns de euros máis do que foi quen de gastar. Deixaron sen gastar 44 millóns de euros en investimentos nos nosos barrios, un de cada dous euros previstos, e deixaron tamén de gastar, por exemplo 7,4 millóns en partidas sociais.

Pero é que segundo o estado de execución do orzamento que acompaña á documentación do modificativo M5, que se debaterá a continuación, no que vai de 2024 o Goberno municipal só executou o 11 % do orzamento de investimentos transcorrido o 75 % do ano. A data 24 de setembro só gastou 13 millóns dun total de 114 millóns para obras, 101 millóns sen executar a falta de tres meses. Van vostedes camiño de bater o seu propio récord de inexecución e, señor Lage, por favor, non nos tome por parvos. Falamos do Capítulo 6, aquí non contan nin o CHUAC nin a Intermodal, si contan as obras que vostedes teñen que facer e, ou non fan —os Cantóns ou o centro de saúde de Santa Lucía— ou fan con atraso —San Andrés ou o mercado de Monte Alto.

Desde que desgovernan esta cidade un total de 326 millóns sen gastar en investimentos. En cinco anos non hai unha sola escola infantil nova, un novo centro cívico, un novo centro de día ou unha nova biblioteca.

E a porcentaxe aínda é peor no Capítulo 7, nas transferencias para obras que executan terceiros, como subvencións de rehabilitación ou instalación de ascensores. Só executaron o 2,6 %, 600.000 dun total de 24 millóns de euros orzamentados, o que confirma as nosas denuncias sobre a pobre execución das subvencións municipais, e aquí si, aquí si, señor Lage, contan o CHUAC e a Intermodal, pero aínda que estivesen ó día, a porcentaxe sen executar pola súa parte sería dun 60 %. Aquí están incluídas

es aún peor, ingresó 56 millones de euros más de lo que fue capaz de gastar. Dejaron sin gastar 44 millones de euros en inversiones en nuestros barrios, uno de cada dos euros previstos, y dejaron también de gastar, por ejemplo 7,4 millones en partidas sociales.

Pero es que según el estado de ejecución del presupuesto que acompaña a la documentación del modificativo M5, que se debatirá a continuación, en lo que va de 2024 el Gobierno municipal solo ejecutó el 11 % del presupuesto de inversiones transcurrido el 75 % del año. A fecha 24 de septiembre solo gastó 13 millones de un total de 114 millones para obras, 101 millones sin ejecutar a falta de tres meses. Van ustedes camino de batir su propio récord de inejecución y, señor Lage, por favor, no nos tome por tontos. Hablamos del Capítulo 6, aquí no cuentan ni el CHUAC ni la Intermodal, sí cuentan las obras que ustedes tienen que hacer y, o no hacen —los Cantones o el centro de salud de Santa Lucía— o hacen con retraso —San Andrés o el mercado de Monte Alto.

Desde que desgobiernan esta ciudad un total de 326 millones sin gastar en inversiones. En cinco años no hay una sola escuela infantil nueva, un nuevo centro cívico, un nuevo centro de día o una nueva biblioteca.

Y el porcentaje aún es peor en el Capítulo 7, en las transferencias para obras que ejecutan terceros, como subvenciones de rehabilitación o instalación de ascensores. Solo ejecutaron el 2,6 %, 600.000 de un total de 24 millones de euros presupuestados, lo que confirma nuestras denuncias sobre la pobre ejecución de las subvenciones municipales, y aquí sí, aquí sí, señor Lage, cuentan el CHUAC y la Intermodal, pero aunque estuvieran al día, el porcentaje sin ejecutar por su parte sería de un 60 %. Aquí están incluidas esa



esa deuda co Porto dende o ano 2015, xa son vostedes máis morosos que a Marea. Aquí están incluídas esas facturas para a Cidade das Tic e aquí está, por exemplo, tamén ese período medio de pago no que vostedes incumpriron 9 de 12 meses o pasado ano e neste levan 6 de 8 incumplido.

Ás dez horas e vinte e un minutos entra no Salón de Sesiós a señora Veira González.

Polo tanto, dun orzamento total de 413 millóns, a falta de tres meses para o peche só está executado o 43 %. Están pendentes 242 millóns, as partidas do CHUAC e da Intermodal non chegan a 11 millóns de euros.

Éncheselles a boca falando do orzamento máis alto da historia, pero despois non son quen de executalo ó mesmo tempo que ingresan máis cartos dos que gastan e daquela a pregunta é: se non executan o que orzan e ingresan máis do que gastan, por que lle subiron vostedes este ano todos os impostos a todos os coruñeses.

Quedou novamente acreditado que unha baixada de impostos non pon en risco os servizos públicos da nosa cidade, o maior risco para os mesmos son vostedes e a súa incompetencia á hora de xestionar a nosa cidade. Chegou o momento de alixerar a carga fiscal dos coruñeses ós que Sánchez, ademais, vénlles de subir novamente a cesta da compra básica.

Conclúo. Temos propostas para o orzamento do 2025 igual que as tiñamos para o de 2024 e gustaríanos ter a oportunidade de aportalas e debatelas previamente á súa aprobación inicial. A baixada de impostos é a primeira delas. Entendemos e respectamos que se senten primeiramente a dialogar con quen lles

deuda con el Puerto desde el año 2015, ya son ustedes más morosos que la Marea. Aquí están incluidas esas facturas para la Ciudad de las Tic y aquí está, por ejemplo, también ese período medio de pago en el que ustedes incumplieron 9 de 12 meses el pasado año y en este llevan 6 de 8 incumplido.

A las diez horas y veintiún minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Veira González.

Por lo tanto, de un presupuesto total de 413 millones, a falta de tres meses para el cierre solo está ejecutado el 43 %. Están pendientes 242 millones, las partidas del CHUAC y de la Intermodal no llegan a 11 millones de euros.

Se les llena la boca hablando del presupuesto más alto de la historia, pero después no son capaces de ejecutarlo al mismo tiempo que ingresan más dinero del que gastan y entonces la pregunta es: si no ejecutan lo que presupuestan e ingresan más del que gastan, por qué le subieron ustedes este año todos los impuestos a todos los coruñeses.

Quedó nuevamente acreditado que una bajada de impuestos no pone en riesgo los servicios públicos de nuestra ciudad, el mayor riesgo para los mismos son ustedes y su incompetencia a la hora de gestionar nuestra ciudad. Llegó el momento de aligerar la carga fiscal de los coruñeses a los que Sánchez, además, les acaba de subir nuevamente la cesta de la compra básica.

Concluyo. Tenemos propuestas para el presupuesto de 2025 igual que las teníamos para el de 2024 y nos gustaría tener la oportunidad de aportarnos y debatirlas previamente a su aprobación inicial. La bajada de impuestos es la primera de ellas. Entendemos y respetamos que se sienten primeramente a dialogar



deu a Alcaldía, pero isto nin pode nin debe ser obstáculo para que logo o fagan co partido que gañou as eleccións. Queremos dialogar, non que se nos convide a unha mesa xa posta e cun menú pechado ou que se nos invite a presentar as nosas propostas por Rexistro, tal e como fixeron o pasado ano, iso non é dialogar.

No pasado Pleno a señora Rey convidounos, **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** e facíano compunxida, convidounos a todos a elixir entre política e espectáculo. Fíxoo, iso si, despois de consentir unha vez mais os reiterados insultos do seu voceiro. Eu pídolles que reflexionen e por unha vez vostedes non elixan o espectáculo, menos aínda o abafante de hai tres semanas. Nós non imos deixar de denunciar a súa forma de xestionar porque, con todo, o máis grave do pasado Pleno non foron os insultos, o máis grave é que todo o que denunciámos era certo. A nosa elección aquí a teñen: crítica cando haxa que facela, pero man tendida, que sempre tiveron e sempre terán, para sacar adiante un mellor futuro para a nosa cidade.

Máis nada e moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señor Rodríguez.

Turno de peche para o señor Lage.

Señor Lage Tuñas

Grazas, señora alcaldesa.

Grazas, señor Jorquera, polas súas aportacións sempre exixentes, pero construtivas. Evidentemente estamos diante dunha aprobación inicial e tamén quero recordarlle que estamos diante do debate de dúas ordenanzas. Creo que é o

con quien les dio la Alcaldía, pero esto ni puede ni debe ser obstáculo para que luego lo hagan con el partido que ganó las elecciones. Queremos dialogar, no que se nos invite a una mesa ya puesta y con un menú cerrado o que se nos invite a presentar nuestras propuestas por Registro, tal y como hicieron el pasado año, eso no es dialogar.

*En el pasado Pleno la señora Rey nos invitó, **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** y lo hacía compungida, nos invitó a todos a elegir entre política y espectáculo. Lo hizo, eso sí, después de consentir una vez mas los reiterados insultos de su portavoz. Yo les pido que reflexionen y por una vez ustedes no elijan el espectáculo, menos aún el penoso de hace tres semanas. Nosotros no vamos a dejar de denunciar su forma de gestionar porque, con todo, lo más grave del pasado Pleno no fueron los insultos, lo más grave es que todo lo que denunciámos era cierto. Nuestra elección aquí la tienen: crítica cuando haya que hacerla, pero mano tendida, que siempre tuvieron y siempre tendrán, para sacar adelante un mejor futuro para nuestra ciudad.*

Más nada y muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señor Rodríguez.

Turno de cierre para lo señor Lage.

Señor Lage Tuñas

Gracias, señora alcaldesa.

Gracias, señor Jorquera, por sus aportaciones siempre exigentes, pero constructivas. Evidentemente estamos ante una aprobación inicial y también quiero recordarle que estamos ante el debate de dos ordenanzas. Creo que es el mejor, el

mellor, o mellor exemplo de que o traballo e o punto que traemos hoxe aquí debe de estar bastante ben feito cando non houbo unha sola aportación, unha sola, media aportación a dúas ordenanzas e polo tanto hai un contraste. Eu creo que hai un contraste evidente, hai un contraste entre os asuntos que veñen á Parte Resolutiva, que son donde se toman decisións, de aqueles que son declarativos, de intencións, ben intencionados seguramente en moitos casos, pero en calquera caso que non teñen forza legal.

Ordenanza de contribucións especiais. Bueno, pois creo que temos diante un asunto suficientemente relevante, máis de un millón de euros para reforzar un servizo de bombeiros, un corpo do que sentírnos todos e todas orgullosos. A verdade é que tendo a oportunidade os grupos políticos de falar disto, pois non lle dedicaron nin 20 segundos. Chámame a atención, e chámame a atención para ben, e agradézcolles, porque tamén é unha forma de recoñecer que as dúas ordenanzas teñen un corpo o suficientemente extenso, amplo e desde logo bastante ben traballado cando no Pleno da Corporación, nin antes nin despois, se produce unha soa aportación. A partir de aí hai unha intervención do Partido Popular que quere suscitar un debate novo ou un debate que se produce a continuación co expediente M5.

Eu voume a remitir a dous datos, para non entrar moito ó detalle, pero tampouco para que non pensen que hai ningún tipo de desconsideración porque o Pleno pasado e outros plenos comezaron sempre da mesma maneira, que é apelando ó diálogo, a que fixeran propostas. Alégrome moito de que estén en disposición de facelas e que estén en disposición de ser chamados. Supoño que algo reflexionarían sobre... pois a forma de facer política. O que deben de saber é

mejor ejemplo de que el trabajo y el punto que traemos hoy aquí debe estar bastante bien hecho cuando no hubo una sola aportación, una sola, media aportación a dos ordenanzas y por lo tanto hay un contraste. Yo creo que hay un contraste evidente, hay un contraste entre los asuntos que vienen a la Parte Resolutiva, que son donde se toman decisiones, de aquellos que son declarativos, de intenciones, bienintencionados seguramente en muchos casos, pero en cualquier caso que no tienen fuerza legal.

Ordenanza de contribuciones especiales. Bueno, pues creo que tenemos delante un asunto suficientemente relevante, más de un millón de euros para reforzar un servicio de bomberos, un cuerpo del que sentirnos todos y todas orgullosos. La verdad es que teniendo la oportunidad los grupos políticos de hablar de esto, pues no le dedicaron ni 20 segundos. Me llama la atención, y me llama la atención para bien, y les agradezco, porque también es una forma de reconocer que las dos ordenanzas tienen un cuerpo lo suficientemente extenso, amplio y desde luego bastante bien trabajado cuando en el Pleno de la Corporación, ni antes ni después, se produce una sola aportación. A partir de ahí hay una intervención del Partido Popular que quiere suscitar un debate nuevo o un debate que se produce a continuación con el expediente M5.

Yo me voy a remitir a dos datos, para no entrar mucho al detalle, pero también para que no piensen que hay algún tipo de desconsideración porque el Pleno pasado y otros plenos comenzaron siempre de la misma manera, que es apelando al diálogo, a que hicieran propuestas. Me alegro mucho de que estén en disposición de hacerlas y que estén en disposición de ser llamados. Supongo que algo reflexionarían sobre... pues la forma de hacer política. Lo que deben de saber es que, lógicamente, si

que, loxicamente, se entran en determinados terrenos terán sempre a correspondente resposta. Se queren falar de política, falamos de política. O Partido Popular tivo a oportunidade de participar ó longo destes anos aportando propostas e nalgúns casos, é dicir, chegando a manter xuntanzas como se mantiveron coa portavoz que tivo..., unha das portavoces que tivo o Partido Popular, que foi Rosa Gallego. Non se chegou a entendemento. Unha das discrepancias que houbo e vexo que sigue habendo ten que ver coa política fiscal. Evidentemente creo que aí hai unha distancia notable. Eu respecto a súa posición, como non pode ser doutro xeito. Non quere dicir que teñamos que estar de acordo, pero se pode estar de acordo parcialmente nalgúns asuntos e polo tanto, creo que non hai que estar pechados a nada. A nosa prioridade é chegar a un acordo co Bloque Nacionalista Galego, iso é así e eu dígoo abertamente. É certo que agora mesmo non estamos en condicións de poder chegar a ese acordo. Estamos traballando para que se den esas condicións, o digo dende o máximo respecto, é así. Tamén creo que non racaneamos nunca en términos públicos ningún dos meus compañeiros e compañeiras, nin a propia alcaldesa, o recoñecemento a aquelas cuestións que forman parte dos acordos políticos. Polo tanto, bueno, creo que isto é importante aclaralo.

Comezou a negociación orzamentaria, formalmente se produce a primeira xuntanza. Eu quero recordar aquí que tivemos Pleno o 4 de xullo. Eu adquirín catro compromisos en nome do Goberno nese pleno ordinario. O primeiro era tramitar ó longo do 2024 as modificacións orzamentarias necesarias para facer os axustes que sexan precisos, como fixeron tódolos gobernos incluídos os que tiñan maioría absoluta. Fíxose unha modificación orzamentaria no Pleno

entran en determinados terrenos tendrán siempre la correspondiente respuesta. Si quieren hablar de política, hablamos de política. El Partido Popular tuvo la oportunidad de participar a lo largo de estos años aportando propuestas y en algunos casos, es decir, llegando a mantener reuniones como se mantuvieron con la portavoz que tuvo..., una de las portavoces que tuvo el Partido Popular, que fue Rosa Gallego. No se llegó a entendimiento. Una de las discrepancias que hubo y veo que sigue habiendo tiene que ver con la política fiscal. Evidentemente creo que ahí hay una distancia notable. Yo respeto a su posición, como no puede ser de otro modo. No quiere decir que tengamos que estar de acuerdo, pero se puede estar de acuerdo parcialmente en algunos asuntos y por lo tanto, creo que no hay que estar cerrados a nada. Nuestra prioridad es llegar a un acuerdo con el Bloque Nacionalista Galego, eso es así y yo lo digo abiertamente. Es cierto que ahora mismo no estamos en condiciones de poder llegar a ese acuerdo. Estamos trabajando para que se den esas condiciones, lo digo desde el máximo respeto, es así. También creo que no racaneamos nunca en términos públicos ninguno de mis compañeros y compañeras, ni la propia alcaldesa, el reconocimiento a aquellas cuestiones que forman parte de los acuerdos políticos. Por lo tanto, bueno, creo que esto es importante aclararlo.

Comenzó la negociación presupuestaria, formalmente se produce la primera reunión. Yo quiero recordar aquí que tuvimos Pleno el 4 de julio. Yo adquirí cuatro compromisos en nombre del Gobierno en ese pleno ordinario. El primero era tramitar a lo largo de 2024 las modificaciones presupuestarias necesarias para hacer los ajustes que sean precisos, como hicieron todos los gobiernos incluidos los que tenían mayoría absoluta. Se hizo una modificación presupuestaria



de setembro, se está tramitando diante deste pleno unha modificación orzamentaria froito dun acordo político tamén neste pleno e polo tanto era o primeiro dos compromisos.

O segundo era iniciar en setembro o proceso, o trámite, para a negociación da aprobación do orzamento 2025, igual que se fixo no 2024. Formalmente comezamos, temos unha tarefa ardua por diante. Non está ninguén excluído e, polo tanto, todas as propostas que se acheguen serán ben recibidas, pero é certo que temos unha discrepancia en torno á materia fiscal. Supoño que como mínimo esa, polo que se acaba de manifestar.

Terceiro, comprometemos en xullo, o 4 de xullo, a presentación do plan (**ótese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención**) —remato, señora alcaldesa—, o plan estratéxico de subvencións no segundo semestre do ano, dándolle participación ós grupos municipais e ás entidades sociais. Foi aprobado inicialmente no día de onte en Xunta de Goberno, dándolle participación ó tecido asociativo da cidade e ós grupos municipais para que fagan as súas achegas. Será aprobado de xeito definitivo no mes de decembro. Era o terceiro compromiso e o terceiro compromiso cumprido.

Cuarto compromiso e oferta que se lle fixo ós grupos municipais: a constitución dun grupo de traballo para abordar, para abordar a reordenación do sector institucional do Concello antes de que rematara o ano 2024. Pois xa lles podo anunciar que ó longo deste mes de outubro se constituirá o grupo de traballo cos habilitados nacionais, cos directivos, con expertos e tamén coa participación dos grupos municipais, ós cales llo quero agradecer, que formen parte do mesmo, para avaliar a situación que temos do

en el Pleno de septiembre, se está tramitando ante de este pleno una modificación presupuestaria fruto de un acuerdo político también en este pleno y por lo tanto era el primero de los compromisos.

El segundo era iniciar en septiembre el proceso, el trámite, para la negociación de la aprobación del presupuesto 2025, igual que se hizo en 2024. Formalmente comenzamos, tenemos una tarea ardua por delante. No está nadie excluido y, por lo tanto, todas las propuestas que se aporten serán bien recibidas, pero es cierto que tenemos una discrepancia en torno a la materia fiscal. Supongo que como mínimo esa, por lo que se acaba de manifestar.

*Tercero, comprometimos en julio, el 4 de julio, la presentación del plan (**se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención**) —finalizo, señora alcaldesa—, el plan estratégico de subvenciones en el segundo semestre del año, dándole participación a los grupos municipales y a las entidades sociales. Fue aprobado inicialmente en el día de ayer en Junta de Gobierno, dándole participación al tejido asociativo de la ciudad y a los grupos municipales para que hagan sus aportaciones. Será aprobado de manera definitiva en el mes de diciembre. Era el tercer compromiso y el tercer compromiso cumplido.*

Cuarto compromiso y oferta que se le hizo a los grupos municipales: la constitución de un grupo de trabajo para abordarla, para abordar la reordenación del sector institucional del Ayuntamiento antes de que finalizara el año 2024. Pues ya les puedo anunciar que a lo largo de este mes de octubre se constituirá el grupo de trabajo con los habilitados nacionales, con los directivos, con expertos y también con la participación de los grupos municipales, a los cuales se lo quiero agradecer, que formen parte del mismo, para evaluar la



sector institucional do Concello, as empresas públicas (**óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención**) —remato, señora alcaldesa—, as empresas públicas, os consorcios, o Instituto Municipal de Cultura e Espectáculos, que necesitan unha reestruturación e a nosa posición é intentar facer un traballo que sirva para agora e para os seguintes anos. É dicir, que se aborde esa reestruturación institucional.

Polo tanto, catro compromisos establecidos o 4 de xullo e catro compromisos que vanse cumprir incluso antes de que venzan os prazos.

Nada máis e moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas.

Procedemos á votación do asunto número dous, a Ordenanza das contribucións especiais do SEIS.

Votación do asunto número dous

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número dous relacionado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (12 votos)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

Presidencia

Moitas grazas. Queda aprobada por unanimidade.

*situación que tenemos del sector institucional del Ayuntamiento, las empresas públicas (**se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención**) —finalizo, señora alcaldesa—, las empresas públicas, los consorcios, el Instituto Municipal de Cultura y Espectáculos, que necesitan una reestructuración y nuestra posición es intentar hacer un trabajo que sirva para ahora y para los siguientes años. Es decir, que se aborde esa reestructuración institucional.*

Por lo tanto, cuatro compromisos establecidos el 4 de julio y cuatro compromisos que se van cumplir incluso antes de que venzan los plazos.

Nada más y muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias.

Procedemos a la votación del asunto número dos, la Ordenanza de las contribuciones especiales del SEIS.

Votación del asunto número dos

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número dos relacionado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (12 votos)

Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

Presidencia

Muchas gracias. Queda aprobada por unanimidad.

Acordo

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a ordenanza fiscal reguladora das contribucións especiais para a ampliación do servizo de extinción de incendios do Concello da Coruña correspondente ao exercicio 2024, nos termos que se regulan a continuación. No non previsto neste texto, rexeranse polo establecido na Ordenanza fiscal número 19, xeral de contribucións especiais, aprobada polo pleno da corporación municipal o 3 de decembro de 2004 e actualmente en vigor:

1.1. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos das contribucións especiais, de acordo co previsto no artigo 30.2.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, as compañías aseguradoras que desenvolvan a súa actividade no ramo de incendios no termo municipal da Coruña. A Gestora de Conciertos para la Contribución a los Servicios de Extinción de Incendios A.I.E. (V-81070211) actúa en representación dos suxeitos pasivos, nos termos previstos no Convenio de colaboración aprobado pola Xunta de Goberno Local o 18.12.2019 e formalizado en data 04.05.2020.

1.2. Custo da ampliación do servizo de extinción de incendios

O custo da ampliación do servizo de extinción de incendios ascende á cantidade de 1.416.147,47€, euros, que se corresponde cos seguintes proxectos de investimento:

Acuerdo

PRIMERO. Aprobar inicialmente la ordenanza fiscal reguladora de las contribuciones especiales para la ampliación del servicio de extinción de incendios del Ayuntamiento de A Coruña correspondiente al ejercicio 2024, en los términos que se regulan a continuación. En lo no previsto en este texto, se regirán por lo establecido en la Ordenanza fiscal número 19, general de contribuciones especiales, aprobada por el pleno de la corporación municipal el 3 de diciembre de 2004 y actualmente en vigor:

1.1. Sujetos pasivos

Son sujetos pasivos de las contribuciones especiales, de acuerdo con lo previsto en el artículo 30.2.c) del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales, las compañías aseguradoras que desarrollen su actividad en el ramo de incendios en el término municipal de A Coruña. La Gestora de Conciertos para la Contribución a los Servicios de Extinción de Incendios A.I.E. (V-81070211) actúa en representación de los sujetos pasivos, en los términos previstos en el Convenio de colaboración aprobado por la Junta de Gobierno Local el 18.12.2019 y formalizado en fecha 04.05.2020.

1.2. Coste de la ampliación del servicio de extinción de incendios

El coste de la ampliación del servicio de extinción de incendios asciende a la cantidad de 1.416.147,47€, euros, que se corresponde con los siguientes proyectos de inversión:



APLICACIÓN	CAP	ANUALIDADE 2024	DENOMINACION DO PROXECTO	PRÉSTAMO	CONTRIB ESPECIAIS	TOTAL PROXECTO
11.136.600.05	6	431.111,12 €	"Adquisición dunha parcela lindeira para ampliación parque Bombeiros"	43.111,12 €	388.000 €	431.111,12 €
11.136.624.00	6	624.444,44 €	"Adquisición dunha moto acuática, adquisición dunha autoescada e adquisición dun vehículo lixeiro para transporte de persoal"	62.444,44 €	562.000 €	624.444,44€
			TOTAIS	105.555,56	950.000	1.055.555,56

APLICACIÓN	CAP	DENOMINACION DO PROXECTO	ACHEGA MUNICIPAL	CONTRIB ESPECIAIS 2024	TOTAL PROXECTO
11.136.624.00	6	Vehículo de descontaminación con equipamento	36.059,19 €	324.532,72 €	360.591,91 €

1.3. Base Imponible, criterios de repartición e cotas tributarias.

Buenos a días a todos los presentes y a aquellos que nos siguen en directo, y vamos a hablar en relación con la moción que presenta el BNG sobre el barrio de As Xubias.

Non podemos estar máis de acordo, como puxemos xa de manifesto noutras ocasións, que é un núcleo de grande beleza e interese patrimonial que se atopa nun lugar privilexiado, pero sempre esquecido por parte deste goberno municipal.

No Pleno de maio de 2022 levamos unha moción no Grupo Popular pedindo melloras para o barrio, pero por suposto, non se fixeron ningunhas. O que si fixeron foi o 30 de xullo firmar un convenio urbanístico coa mercantil Castro de Oza que está participada por Ginkgo, que como todos sabemos é un fondo de inversión de Luxemburgo. Fírmase este acordo sen ningún tipo de diálogo cos veciños, que reclaman claridade e transparencia, nin coa oposición. Un plan que pretende perpetrar un pelotazo urbanístico neste barrio, pero vostedes seguen sen atender as demandas dos servizos básicos sinalados na moción do 2022 do Partido Popular e que volve a terse en conta nesta moción, e que cada vez teñen máis urxencias para os veciños. Teñen que facelas xa, hai cartos, teñen 101 millóns de euros para obras sen executar do orzamento deste ano.

Non debemos esquecer tamén que estas necesidades xa as tiña en conta o programa de cidade do Partido Popular que foi elaborado despois de escoitar os veciños e que tiña en conta, entre outras cousas, a disposición dunha liña de axudas par rehabilitar vivendas, o impulso do paseo marítimo dende Oza ata a Ponte Pasaxe. Fomos os únicos que levamos unha proposta concreta para o paseo, construción dunha escola municipal de deportes especialmente adicada a deportes náuticos, reparación de camiños, limpeza de maleza, graffitis, etcétera.

No podemos estar máis de acordo, como pusimos ya de manifesto en otras ocasiones, que es un núcleo de gran belleza e interés patrimonial que se encuentra en un lugar privilegiado, pero siempre olvidado por parte de este gobierno municipal.

En el Pleno de mayo de 2022 llevamos una moción en el Grupo Popular pidiendo mejoras para el barrio, pero por supuesto, no se hicieron ningunas. Lo que sí hicieron fue el 30 de julio firmar un convenio urbanístico con la mercantil Castro de Oza que está participada por Ginkgo, que como todos sabemos es un fondo de inversión de Luxemburgo. Se firma este acuerdo sin ningún tipo de diálogo con los vecinos, que reclaman claridad y transparencia, ni con la oposición. Un plan que pretende perpetrar un pelotazo urbanístico en este barrio, pero ustedes siguen sin atender a las demandas de los servicios básicos señalados en la moción de 2022 del Partido Popular y que vuelve a tenerse en cuenta en esta moción, y que cada vez tienen más urgencias para los vecinos. Tienen que hacerlas ya, hay dinero, tienen 101 millones de euros para obras sin ejecutar del presupuesto de este año.

No debemos olvidar también que estas necesidades ya las tenía en cuenta el programa de ciudad del Partido Popular que fue elaborado después de escuchar a los vecinos y que tenía en cuenta, entre otras cosas, la disposición de una línea de ayudas par rehabilitar viviendas, el impulso del paseo marítimo desde Oza hasta Ponte Pasaxe. Fuimos los únicos que llevamos una propuesta concreta para el paseo, construcción de una escuela municipal de deportes especialmente dedicada a deportes náuticos, reparación de caminos, limpieza de maleza, graffitis, etcétera.



Ás once horas e trinta e catro minutos entra no Salón de Sesiós o señor Díaz Gallego.

Por iso imos apoiar a moción do BNG que transaccionamos tras unha emenda nosa que agora queda integrada na moción. Nós propuxemos, primeiro, adoptar as medidas necesarias para rehabilitar os edificios públicos existentes, entre eles, o apeadeiro de Renfe ou o inmovible da antiga asociación de veciños, ó que é necesario atopar unha solución ante o seu estado lamentable de conservación; segundo, poñer a disposición dos veciños das Xubias unha liña de axudas para rehabilitar as vivendas do barrio coa finalidade de que a veciñanza poida realizar obras de conservación e mantemento nos seus inmoables; terceiro, impulsar a mobilidade sustentábel a pé e en bicicleta construíndo beirarrúas, especialmente na vía principal, e habilitando os espazos precisos para a colocación dun carril bici e limitando a velocidade dos vehículos con bandas rugosas; cuarto, modernizar o parque infantil adecuado á normativa vixente; quinto, adecentar o pasadizo baixo a vía do tren dotándoo dunha maior iluminación.

Estas actuacións son necesarias xa. Fagan algo polas Xubias, non só especular.

Por outra banda tamén quero recordar que na moción vai o cumprimento que xa se aprobara na moción anterior por maioría de 16 concelleiros no Pleno do 12 de setembro de 2024 cunha emenda do Partido Popular que recollía os seguintes puntos: suspender o convenio firmado entre o Concello e o fondo de inversión Ginkgo; impulsar a tramitación de modificación puntual relativa á ría do Burgo; manter informada á cidadanía; informar publicamente sobre o criterio

A las once horas y treinta y cuatro minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Díaz Gallego.

Por eso vamos a apoyar la moción del BNG que transaccionamos tras una enmienda nuestra que ahora queda integrada en la moción. Nosotros propusimos, primero, adoptar las medidas necesarias para rehabilitar los edificios públicos existentes, entre ellos, el apeadero de Renfe o el inmueble de la antigua asociación de vecinos, al que es necesario encontrar una solución ante su estado lamentable de conservación; segundo, poner a disposición de los vecinos de As Xubias una línea de ayudas para rehabilitar las viviendas del barrio con la finalidad de que el vecindario pueda realizar obras de conservación y mantenimiento nos sus inmuebles; tercero, impulsar la movilidad sostenible a pie y en bicicleta construyendo aceras, especialmente en la vía principal, y habilitando los espacios precisos para la colocación de un carril bici y limitando la velocidad de los vehículos con bandas rugosas; cuarto, modernizar el parque infantil adecuado a la normativa vigente; quinto, adecentar el pasadizo bajo la vía del tren dotándolo de una mayor iluminación.

Estas actuaciones son necesarias ya. Hagan algo por As Xubias, no solo especular.

Por otra parte también quiero recordar que en la moción va el cumplimiento que ya se había aprobado en la moción anterior por mayoría de 16 concejales en el Pleno de 12 de septiembre de 2024 con una enmienda del Partido Popular que recogía los siguientes puntos: suspender el convenio firmado entre el Ayuntamiento y el fondo de inversión Ginkgo; impulsar la tramitación de modificación puntual relativa a la ría de O Burgo; mantener informada a la ciudadanía; informar



que vai seguir o Goberno municipal en relación cos terreos afectados e co resto de terreos no ámbito do API S-35; analizar e informar sobre o posible conflito de intereses de Isabel Pardo de Vera neste asunto urbanístico, asesora do fondo de inversión Ginkgo noutros proxectos urbanísticos e presentada pola alcaldesa no mes de abril como directora do Plan Estratéxico Municipal.

Votaremos a favor da moción non sen insistir novamente na necesidade urxente de executar tódalas medidas detalladas que repercuten no día a día dos veciños do barrio.

Presidencia

Moitas grazas, señora Fariñas.

Turno para o Goberno, señora Díaz.

Señora Díaz Vázquez

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Bueno, a verdade é que xa me tardaba o do pelotazo, pero teño que dicir que aquí nin pelotazos nin chasquis nin os niños de gominola, eu que son da xeración X e vénme o anuncio dos pelotazos dos anos 90. E fóra bromas porque este é un tema moi serio, moi serio, porque como dixo o señor Jorquera, aquí ninguén miraba para As Xubias nos últimos anos ata que chegou a nosa alcaldesa, Inés Rey, e puxo o foco, e de repente agora, pois veñen as demandas e as reclamacións.

E do Partido Popular, pois paréceme moi paradójico porque veñen de defensores, de adalides das Xubias e da súa veciñanza cando foron vostedes os que plantexaron unha pasarela que cruzaba a Santa Cristina e que ía asolar, efectivamente, coas Xubias. Así que como digo, paradójico ou incluso demencial, non sei.

públicamente sobre el criterio que va a seguir el Gobierno municipal en relación con los terrenos afectados y con el resto de terrenos en el ámbito del API S-35; analizar e informar sobre el posible conflicto de intereses de Isabel Pardo de Vera en este asunto urbanístico, asesora del fondo de inversión Ginkgo en otros proyectos urbanísticos y presentada por la alcaldesa en el mes de abril como directora del Plan Estratégico Municipal.

Votaremos a favor de la moción no sin insistir nuevamente en la necesidad urgente de ejecutar todas las medidas detalladas que repercuten en el día a día de los vecinos del barrio.

Presidencia

Muchas gracias, señora Fariñas.

Turno para el Gobierno, señora Díaz.

Señora Díaz Vázquez

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Bueno, la verdad es que ya me tardaba lo del pelotazo, pero tengo que decir que aquí ni pelotazos ni chasquis ni los nidos de gominola, yo que soy de la generación X y me viene el anuncio de los pelotazos de los años 90. Y fuera bromas porque este es un tema muy serio, muy serio, porque como dijo el señor Jorquera, aquí nadie miraba para As Xubias en los últimos años hasta que llegó nuestra alcaldesa, Inés Rey, y puso el foco, y de repente ahora, pues vienen las demandas y las reclamaciones.

Y del Partido Popular, pues me parece muy paradójico porque vienen de defensores, de adalides de As Xubias y de su vecindario cuando fueron ustedes los que plantearon una pasarela que cruzaba a Santa Cristina y que iba a asolar, efectivamente, con As Xubias. Así que cómo digo, paradójico o incluso demencial, no sé.

Porque nós, que queremos? Pois o que quere a veciñanza das Xubias: novos equipamentos, espazos públicos abertos ó mar, rehabilitación de vivenda, pero sempre respectando a idiosincrasia do barrio e preservando a súa identidade propia. De iso é do que deberíamos estar a falar e nada máis, de como recuperar, rexenerar e rehabilitar dotando ademais As Xubias de melloras na súa trama urbana.

Focalizando nas demandas da moción, quero aclararlle ó BNG que xa nos reunimos cos veciños e veciñas das Xubias para explicarlles o convenio, convenio que é público, por certo, que está nunha fase inicial e tamén para que nos transmitan todas as demandas que teñen con respecto ó barrio. Abrimos un espazo de diálogo, un espazo cordial no que se expoñen e se aclaran dúbidas e sobre todo se despejan os nubarróns de bulos e mentiras que por aí se escoitan e se len. Teño que dicir que se colocaron as papeleiras, estase a estudar a colocación do aseo químico e con respecto ó local social, pois temos que ver a súa viabilidade, estudar se é posible a rehabilitación porque a ubicación fai que se inunde, ou se non, estudar outra localización.

Con respecto ó pasadizo baixo a vía do tren, dotarase de máis iluminación, por suposto, e demandaba o Partido Popular un carril bici, pero na actualidade, a verdade é que a vía principal é moi estreita e non dá esas opcións de carril bici. O que si podemos estudar é unha zona de e-30 para que así sexa compartido.

Ademais destas demandas quero indicar que dende a Área de Infraestruturas no último ano recibíronse 18 incidencias referidas a varandas, baches, desperfectos en beirarrúas e todas foron subsanadas

Porque nosotros, ¿qué queremos? Pues lo que quiere el vecindario de As Xubias: nuevos equipamientos, espacios públicos abiertos al mar, rehabilitación de vivienda, pero siempre respetando la idiosincrasia del barrio y preservando su identidad propia. De eso es de lo que deberíamos estar hablando y nada más, de cómo recuperar, regenerar y rehabilitar dotando además a As Xubias de mejoras en su trama urbana.

Focalizando en las demandas de la moción, quiero aclararle al BNG que ya nos reunimos con los vecinos y vecinas de As Xubias para explicarles el convenio, convenio que es público, por cierto, que está en una fase inicial y también para que nos transmitan todas las demandas que tienen con respecto al barrio. Abrimos un espacio de diálogo, un espacio cordial en el que se exponen y se aclaran dudas y sobre todo se despejan las nubes de bulos y mentiras que por ahí se escuchan y se leen. Tengo que decir que se colocaron las papeleras, se está estudiando la colocación del aseo químico y con respecto al local social, pues tenemos que ver su viabilidad, estudiar a ser posible la rehabilitación porque la ubicación hace que se inunde, o si no, estudiar otra localización.

Con respecto al pasadizo bajo la vía del tren, se dotará de más iluminación, por supuesto, y demandaba el Partido Popular un carril bici, pero en la actualidad, la verdad es que la vía principal es muy estrecha y no da esas opciones de carril bici. Lo que sí podemos estudiar es una zona de e-30 para que así sea compartido.

Además de estas demandas quiero indicar que desde el Área de Infraestructuras en el último año se recibieron 18 incidencias referidas a barandillas, baches, desperfectos en aceras y todas fueron



rapidamente, así como se procedeu á colocación de máis bancos nas Xubias de Abaixo como demandaban os veciños e veciñas. Nos participativos de 2022 solicitáronse melloras de accesibilidade nas Xubias de Arriba, precisamente un dos grandes obxectivos deste mandato é esa accesibilidade universal, así que neste caso temos xa o proxecto redactado e está a piques de ser licitado.

Dito todo isto, como xa dixen, votamos a favor da moción xa que estamos a traballar en todo isto. Os intereses deste goberno municipal son exclusivamente os de facerlle mellor a vida á xente, os de querer unha cidade, un municipio máis humano, máis accesible, respectando o noso patrimonio e a nosa historia dun xeito sustentable e no que poder gozar do espazo público creando lugares de encontro nos que relacionarnos como seres sociais que somos.

Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señora Díaz.

Procedemos á votación desta moción coa transacción xa incorporada.

Votación da segunda moción presentada polo Grupo municipal do Partido Popular

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a segunda moción presentada polo Grupo municipal do Partido Popular, transaccionada co Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, sobre as demandas e necesidades do núcleo das Xubias, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo municipal do

subsanadas rápidamente, así como se procedió a la colocación de más bancos en As Xubias de Abaixo como demandaban los vecinos y vecinas. En los participativos de 2022 se solicitaron mejoras de accesibilidad en As Xubias de Arriba, precisamente uno de los grandes objetivos de este mandato es esa accesibilidad universal, así que en este caso tenemos ya el proyecto redactado y está a punto de ser licitado.

Dicho todo esto, como ya dije, votamos a favor de la moción ya que estamos trabajando en todo esto. Los intereses de este gobierno municipal son exclusivamente los de hacerle mejor la vida a la gente, los de querer una ciudad, un municipio más humano, más accesible, respetando nuestro patrimonio y nuestra historia de una manera sostenible y en el que poder disfrutar del espacio público creando lugares de encuentro en los que relacionarnos como seres sociales que somos.

Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señora Díaz.

Procedemos a la votación de esta moción con la transacción ya incorporada.

Votación de la segunda moción presentada por el Grupo municipal del Partido Popular

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la segunda moción presentada por el Grupo municipal del Partido Popular, transaccionada con el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego, sobre las demandas y necesidades del núcleo de As Xubias, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor el Grupo municipal del



Partido Popular (12 votos)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

Presidencia

Moitas grazas.

Queda aprobada por unanimidade.

117. Moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, transaccionada co Grupo municipal do Partido Popular, relativa ás demandas e necesidades do núcleo das Xubias.

Acordo

Instar o Goberno local a:

1. Informar e escoitar as veciñas e veciños das Xubias a respecto da ordenación urbanística futura deste ámbito.

2. Dar cumprimento á moción aprobada no Pleno do 12 de setembro relativa ás Xubias.

3. Levar a cabo as actuacións necesarias para asegurar o adecuado mantemento do núcleo das Xubias, garantindo a correcta prestación dos servizos básicos.

4. En particular, desenvolver un plan que atenda as seguintes demandas veciñais:

4.1. Dotar a praia das Xubias de ducha e lavapés, reparar as escaleiras que conducen á praia e asegurar a súa accesibilidade.

4.2. Dotar a veciñanza das Xubias dun

Partido Popular (12 votos)

Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

Presidencia

Muchas gracias.

Queda aprobada por unanimidad.

117. Moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego, transaccionada con el Grupo municipal del Partido Popular, relativa a las demandas y necesidades del núcleo de As Xubias.

Acuerdo

Instar al Gobierno local a:

1. Informar y escuchar a las vecinas y vecinos de As Xubias respecto a la ordenación urbanística futura de este ámbito.

2. Dar cumplimiento a la moción aprobada en el Pleno de 12 de septiembre relativa a As Xubias.

3. Llevar a cabo las actuaciones necesarias para asegurar el adecuado mantenimiento del núcleo de As Xubias, garantizando la correcta prestación de los servicios básicos.

4. En particular, desarrollar un plan que atienda las siguientes demandas vecinales:

4.1. Dotar a la playa de As Xubias de ducha y lavapiés, reparar las escaleras que conducen a la playa y asegurar su accesibilidad.

4.2. Dotar al vecindario de As Xubias de

local social para uso veciñal.

4.3. Proceder á reparación, recuperación e posta en valor das fontes públicas.

4.4. Reparación dos camiños e accesos e, en particular, proceder á reparación e adecuación das chamadas escadas do pincho, que dan acceso á paraxe do bus sita na avenida da Pasaxe.

4.5. Asegurar o correcto mantemento e limpeza de rúas e camiños e dar as instrucións oportunas para que se asegure a limpeza e salubridade dos soares.

4.6. Dotar o paseo das Xubias de Abaixo de papeleiras e un sanitario químico.

4.7. Realizar as xestións oportunas ante as administracións competentes para que se proceda á reparación e recuperación dos peiraos de atraque.

5. Adoptar as medidas necesarias para rehabilitar os edificios públicos existentes, entre eles o apeadeiro de Renfe ou o inmovble da antiga asociación de veciños, ao que é necesario atopar unha solución ante o seu estado lamentable de conservación.

6. Poñer a disposición dos veciños das Xubias unha liña de axudas para rehabilitar as vivendas do barrio, coa finalidade de que a veciñanza poida realizar obras de conservación e mantemento nos seus inmoables.

7. Impulsar a mobilidade sostible a pé e en bicicleta, construíndo beirarrúas, especialmente na vía principal, habilitando os espazos precisos para a colocación dun carril bici e limitando a velocidade dos vehículos con bandas rugosas.

un local social para uso vecinal.

4.3. Proceder a la reparación, recuperación y puesta en valor de las fuentes públicas.

4.4. Reparación de los caminos y accesos y, en particular, proceder a la reparación y adecuación de las llamadas escaleras del salto, que dan acceso a la parada del bus sita en la avenida de la Pasaxe.

4.5. Asegurar el correcto mantenimiento y limpieza de calles y caminos y dar las instrucciones oportunas para que se asegure la limpieza y salubridad de los solares.

4.6. Dotar al paseo de As Xubias de Abaixo de papeleras y un sanitario químico.

4.7. Realizar las gestiones oportunas ante las administraciones competentes para que se proceda a la reparación y recuperación de los muelles de atraque.

5. Adoptar las medidas necesarias para rehabilitar los edificios públicos existentes, entre ellos el apeadero de Renfe o el inmueble de la antigua asociación de vecinos, al que es necesario encontrar una solución ante su estado lamentable de conservación.

6. Poner a disposición de los vecinos de As Xubias una línea de ayudas para rehabilitar las viviendas del barrio, con la finalidad de que el vecindario pueda realizar obras de conservación y mantenimiento en sus inmuebles.

7. Impulsar la movilidad sostenible a pie y en bicicleta, construyendo aceras, especialmente en la vía principal, habilitando los espacios precisos para la colocación de un carril bici y limitando la velocidad de los vehículos con bandas rugosas.



8. Modernizar o parque infantil e adecualo á normativa vixente.

9. Adecentar o pasadizo baixo a vía do tren, dotándoo dunha mellor iluminación.

Terceira. Moción solicitando a condena do xenocidio en Gaza e a ocupación de Palestina.

Presidencia

Terceira e última moción do Bloque Nacionalista Galego por..., solicitando a condena do xenocidio en Gaza e a ocupación de Palestina.

Señor Soto.

Señor Soto Díaz

Gracias, señora alcaldesa.

Quería comezar por saudar as persoas que nos seguen, tanto presencialmente como en *streaming*, moi particularmente os traballadores e traballadoras das instalacións deportivas municipais.

Ben, neste pleno temos o acordo de honrar cun minuto de silencio a cada muller vítima de violencia de xénero. Saben canto tempo que teríamos que estar en silencio se fixésemos o mesmo polas vítimas do xenocidio en Gaza? Un mes enteiro se contamos só as vítimas directas dos bombardeos. É dicir, 40.000 persoas asasinadas. Con todo, se as previsións dos expertos se cumpren, as vítimas indirectas multiplicaríanse por 4. E falo de xenocidio porque a masacre que o Estado de Israel está levando a cabo contra os palestinos non pode máis que recibir ese nome. E isto non é unha opinión nosa, senón a do Consello de Dereitos Humanos da ONU, que no seu informe de abril deste ano detalla como os ataques militares sobre a Faixa de

8. Modernizar el parque infantil y adecuarlo a la normativa vigente.

9. Adecentar el pasadizo bajo la vía del tren, dotándolo de una mejor iluminación.

Tercera. Moción solicitando la condena del genocidio en Gaza y la ocupación de Palestina.

Presidencia

Tercera y última moción del Bloque Nacionalista Galego por..., solicitando la condena del genocidio en Gaza y la ocupación de Palestina.

Señor Soto.

Señor Soto Díaz

Gracias, señora alcaldesa.

Quería comenzar por saludar a las personas que nos siguen, tanto presencialmente como en directo, muy particularmente a los trabajadores y trabajadoras de las instalaciones deportivas municipales.

Bien, en este pleno tenemos el acuerdo de honrar con un minuto de silencio a cada mujer víctima de violencia de género. ¿Saben cuánto tiempo que tendríamos que estar en silencio si hiciéramos lo mismo por las víctimas del genocidio en Gaza? Un mes entero si contamos solo las víctimas directas de los bombardeos. Es decir, 40.000 personas asasinadas. Con todo, si las previsiones de los expertos se cumplen, las víctimas indirectas se multiplicarían por 4. Y hablo de genocidio porque la masacre que el Estado de Israel está llevando a cabo contra los palestinos no puede más que recibir ese nombre. Y esto no es una opinión nuestra, sino la del Consejo de Derechos Humanos de la ONU, que en su informe de abril de este año detalla cómo los ataques militares sobre la

Gaza incardínanse nun proceso colonizador que se cobra varias vidas dende hai sete décadas, un proceso que se acelerou tralo último acceso de Netanyahu ó poder en 2022, un ultradereitista cuxa acción de goberno a nivel interno centrouse en acabar coa independencia xudicial mentres que a nivel externo mandou recrudecer as medidas de apartheid e as violacións cotiás de dereitos humanos contra a poboación palestina e finalmente ordenou unha brutal agresión militar a Gaza.

E que di ese informe do Consello de Dereitos Humanos da ONU? En primeiro lugar, que queda probada a matanza indiscriminada de palestinos. Só durante os primeiros meses lanzáronse un total de 25.000 toneladas de explosivos, equivalente a dúas bombas nucleares, explosivos que se dirixiron contra zonas protexidas, como hospitais e escolas.

En segundo lugar, que o exército de Israel ten provocado unha severa fame en Gaza, que ten torturado a miles de persoas detidas ilegalmente e lesionado intencionalmente a outras 100.000 persoas. Ademais, o bloqueo ten ocasionado escaseza de medicamentos, de forma que moitas veces se tiveron que practicar amputacións sen anestesia en nenas e nenos e noutras enfermidades curábeis téñense convertido en enfermidades mortais.

En terceiro lugar, o informe apunta a que en abril deste ano o 70 % de todas as vivendas de Gaza foran destruídas e foran eliminadas todas as universidades, varios hospitais e o 83 % dos centros de saúde, máis de 200 mesquitas e 3 igrexas cristiás. O subministro de auga potable segue a día de hoxe bloqueado.

Finalmente, o informe indica que estes actos de exterminio son intencionados.

Franja de Gaza se incardinan en un proceso colonizador que se cobra varias vidas desde hace siete décadas, un proceso que se aceleró tras el último acceso de Netanyahu al poder en 2022, un ultraderechista cuya acción de gobierno a nivel interno se centró en acabar con la independencia judicial mientras que a nivel externo mandó recrudecer las medidas de apartheid y las violaciones habituales de derechos humanos contra la población palestina y finalmente ordenó una brutal agresión militar a Gaza.

Y ¿qué dice ese informe del Consejo de Derechos Humanos de la ONU? En primer lugar, que queda probada la matanza indiscriminada de palestinos. Solo durante los primeros meses se lanzaron un total de 25.000 toneladas de explosivos, equivalente a dos bombas nucleares, explosivos que se dirigieron contra zonas protegidas, como hospitales y escuelas.

En segundo lugar, que el ejército de Israel ha provocado una severa hambre en Gaza, que ha torturado a miles de personas detenidas ilegalmente y lesionado intencionalmente a otras 100.000 personas. Además, el bloqueo ha ocasionado escasez de medicamentos, de forma que muchas veces se tuvieron que practicar amputaciones sin anestesia en niñas y niños y en otras enfermedades curables se han convertido en enfermedades mortales.

En tercer lugar, el informe apunta a que en abril de este año el 70 % de todas las viviendas de Gaza habían sido destruidas y habían sido eliminadas todas las universidades, varios hospitales y el 83 % de los centros de salud, más de 200 mezquitas y 3 iglesias cristianas. El suministro de agua potable sigue a día de hoy bloqueado.

Finalmente, el informe indica que estos actos de exterminio son intencionados.

Netanyahu mesmo referiuse ós habitantes de Gaza como monstros, o ministro israelí de guerra, como animais humanos e o voceiro das forzas armadas pediu centrarse en maximizar os danos, o que demostra a xuízo deste informe unha estratexia de violencia discriminada. Das accións militarase téñense filtrado vídeos en que os soldados se refíren á poboación civil de Gaza como ratas ou cascudas.

En fin, a Corte Internacional de Xustiza admitiu incluso unha demanda contra Israel por vulnerar a Convención sobre o Xenocidio no que xa son parte 37 estados. A propia Fiscalía da Corte Penal Internacional solicitou a detención de Netanyahu. Isto prodúcese mentres a Corte Internacional de Xustiza condena a Israel por ocupar ilegalmente territorio palestino.

En fin, podería seguir ofrecendo datos sobre a situación en Palestina, eu creo que é innecesario. É innecesario porque todas e todos temos gravados na retina imaxes das nenas e dos nenos asasinados, das familias fuxindo e dos bombardeos a edificios civís.

Eu só quixera lembrar que a situación está en vías de repetirse no Líbano, onde o exército de Israel vén de iniciar unha invasión, é dicir, unha guerra de agresión contra o país, ou sexa, outro crime de lesa humanidade.

Son xa sete décadas de ocupación, de apartheid e de lento xenocidio perpetrado por ese estado colonial que é Israel, un estado que nace trala barbarie antisemita en Occidente e que non é máis que a súa continuación por outros medios. Como cualificar se non (**óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención**) —vou rematando— o envío masivo de xudeus que son cidadáns europeos a Oriente Medio? Esta é a

Netanyahu incluso se refirió a los habitantes de Gaza como monstros, el ministro israelí de guerra, como animales humanos y el portavoz de las fuerzas armadas pidió centrarse en maximizar los daños, lo que demuestra a juicio de este informe una estrategia de violencia discriminada. De las acciones militarase se han filtrado vídeos en que los soldados se refieren a la población civil de Gaza como ratas o cucarachas.

En fin, la Corte Internacional de Justicia admitió incluso una demanda contra Israel por vulnerar la Convención sobre el Genocidio en el que ya son parte 37 estados. La propia Fiscalía de la Corte Penitenciaria Internacional solicitó la detención de Netanyahu. Esto se produce mientras la Corte Internacional de Justicia condena a Israel por ocupar ilegalmente territorio palestino.

En fin, podría seguir ofreciendo datos sobre la situación en Palestina, yo creo que es innecesario. Es innecesario porque todas y todos tenemos grabados en la retina imágenes de las niñas y de los niños asesinados, de las familias huyendo y de los bombardeos a edificios civiles.

Yo solo quisiera recordar que la situación está en vías de repetirse en el Líbano, donde el ejército de Israel acaba de iniciar una invasión, es decir, una guerra de agresión contra el país, o sea, otro crimen de lesa humanidad.

*Son ya siete décadas de ocupación, de apartheid y de lento genocidio perpetrado por ese estado colonial que es Israel, un estado que nace tras la barbarie antisemita en Occidente y que no es más que su continuación por otros medios ¿Cómo calificar si no (**se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención**) —voy finalizando— el envío masivo de judíos que son ciudadanos europeos a Oriente Medio? Esta es la*

materialización do proxecto da Europa libre de xudeus a través da colonización. Lémbrese que colonizar consiste en enviar o último de aquí a facer o traballo sucio fóra a cambio de benestar económico e mellor estatus. Por iso os antisemitas de onte son os prosionistas de hoxe.

Esta semana puidemos ver as consecuencias de incendiar a rexión. A resposta de Irán que exerce retorsión contra Israel indica que o conflito pode estenderse facilmente. Nós temos o deber de facer o posíbel para impedir que morra ninguén máis pola tolemia sionista. Por iso o BNG trae hoxe esta moción, para instar as outras administracións públicas a traballar pola paz e para auxiliar o pobo palestino, porque o sentir maioritario da veciñanza da Coruña está ó carón da paz e contra as guerras de agresión, o apartheid e, por suposto, o xenocidio. Por iso pídolles o seu voto favorable.

Moitas grazas.

Presidencia

Grazas, señor Soto.

Turno para o Partido Popular, señor San Claudio.

Señor San Claudio Yáñez

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Señor Soto, vostede o que vén facer aquí hoxe é unha manipulación política e ideolóxica do conflito en Oriente Medio. Vostede está a falar dun conflito e non está a facer mención expresa á catástrofe humana que levou a cabo Hamás fai case un ano, o 7 de outubro do ano 2023, en territorio israelí, un estado soberano —sí, señor Soto—, porque a vostede se lle olvida que Hamás aniquilou a 1.139

materialización del proyecto de la Europa libre de judíos a través de la colonización. Recuérdese que colonizar consiste en enviar lo último de aquí a hacer el trabajo sucio fuera a cambio de bienestar económico y mejor estatus. Por eso los antisemitas de ayer son los prosionistas de hoy.

Esta semana pudimos ver las consecuencias de incendiar la región. La respuesta de Irán que ejerce retorsión contra Israel indica que el conflicto puede extenderse fácilmente. Nosotros tenemos el deber de hacer lo posible para impedir que muera nadie más por la locura sionista. Por eso el BNG trae hoy esta moción, para instar a las otras administraciones públicas a trabajar por la paz y para auxiliar el pueblo palestino, porque el sentir mayoritario del vecindario de A Coruña está al lado de la paz y contra las guerras de agresión, el apartheid y, por supuesto, el genocidio. Por eso les pido su voto favorable.

Muchas gracias.

Presidencia

Gracias, señor Soto.

Turno para el Partido Popular, señor San Claudio.

Señor San Claudio Yáñez

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Señor Soto, usted lo que viene a hacer aquí hoy es una manipulación política e ideológica del conflicto en Oriente Medio. Usted está hablando de un conflicto y no está haciendo mención expresa a la catástrofe humana que llevó a cabo Hamás hace casi un año, el 7 de octubre del año 2023, en territorio israelí, un estado soberano —sí, señor Soto—, porque a usted se le olvida que Hamás aniquiló a

vítimas inocentes en territorio israelí nun ataque planificado por parte de Hamás. Se lle olvida que capturou a 240 rehenes en territorio de Israel, por certo, 160 seguen todavía en Gaza. E se lle olvida, como acreditou en xaneiro a Organización das Nacións Unidas que vostede cita, que nese ataque do ano pasado do 7 de outubro cometéronse situacións de tortura sexual e agresión sexual por parte de Hamás en Israel e sobre as mulleres que tomaron presas como rehenes e que hoxe están en Gaza.

Vostede non pode facer aquí unha alusión a medias tintas. A súa equidistancia non leva a nada máis que a unha postura ideoloxicamente —asumo o deber—manida e que lles interesa. Se falan de Hamás temos que facer referencia a unha opresión que levan a cabo dende o ano 2006 en Gaza, vostede debería sabelo, ano no que nas últimas eleccións que se levaron a cabo en Gaza.

Sabe vostede o que está denunciando Amnistía Internacional en Gaza? A persecución de opositores políticos de Fatah, a persecución de homosexuais, dos dereitos das mulleres. Esa é a ideoloxía de Hamás, señor Soto, cuxo único obxectivo é a destrución e a aniquilación de Israel, un estado soberano de Oriente Medio, insisto.

E quen está detrás de Hamás? Quen é Irán? Esgotaría o meu tempo se teño que explicar aquí cal é a ideoloxía de Irán, cal é o que representan as máximas extremistas condicións e postulamentos do réxime iraní, pero creo que por non estenderme de máis solo vou facer mención a dous nomes: Masha Amini e Armita Garavand, tiñan 17 e 22 anos cando foron aniquiladas a puñetazos en Teherán por non levar ben posto o velo.

Temos que falar de todo, pero non lle podemos pedir tampouco coherencia ó

1.139 vítimas inocentes en territorio israelí en un ataque planificado por parte de Hamás. Se le olvida que capturó a 240 rehenes en territorio de Israel, por cierto, 160 siguen todavía en Gaza. Y se le olvida, como acreditó en enero la Organización de las Naciones Unidas que usted cita, que en ese ataque del año pasado del 7 de octubre se cometieron situaciones de tortura sexual y agresión sexual por parte de Hamás en Israel y sobre las mujeres que tomaron presas como rehenes y que hoy están en Gaza.

Usted no puede hacer aquí una alusión a medias tintas. Su equidistancia no lleva a nada más que a una postura ideológicamente —asumo el deber—manida y que les interesa. Si hablan de Hamás tenemos que hacer referencia a una opresión que llevan a cabo desde el año 2006 en Gaza, usted debería saberlo, año en el que en las últimas elecciones que se llevaron a cabo en Gaza.

¿Sabe usted lo que está denunciando Amnistía Internacional en Gaza? La persecución de opositores políticos de Fatah, la persecución de homosexuales, de los derechos de las mujeres. Esa es la ideología de Hamás, señor Soto, cuyo único objetivo es la destrucción y la aniquilación de Israel, un estado soberano de Oriente Medio, insisto.

Y ¿quién está detrás de Hamás? ¿quién es Irán? Agotaría mi tiempo si tengo que explicar aquí cuál es la ideología de Irán, cuál es lo que representan las máximas extremistas condiciones y postulaciones del régimen iraní, pero creo que por no extenderme de más solo voy a hacer mención a dos nombres: Masha Amini y Armita Garavand, tenían 17 y 22 años cuando fueron aniquiladas a puñetazos en Teherán por no llevar bien puesto lo verlo.

Tenemos que hablar de todo, pero no le podemos pedir tampoco coherencia al

Bloque Nacionalista Galego e á súa política de estratexia internacional. Que é o que están a facer con Ucraína? Cal é o seu posturamento respecto a Ucraína? Negáronse a condenar vostedes as sancións a Rusia e a Putin no Parlamento galego e non capaces de facer unha soa intervención ou posicionamento apoiando ó pobo ucraino e condenando a barbarie de Putin en territorio ucraino.

Que é o que están a facer con Venezuela? Non faltaron nin 24 horas para que despois do asalto de Maduro en Venezuela, a Edmundo González, elixido democraticamente, para que vostedes saíran felicitando a Maduro. Cito textualmente: o reelecto presidente da República Bolivariana de Venezuela. Ese é o posicionamento do BNG en materia internacional. Por certo, seica enviaron a uns membros da UPG a dicir que a situación en Venezuela estaba mellor que nunca en cuestión económica e social e que non había ningunha opresión. Suba a dicilo ós membros da Tribuna que están hoxe acompañándonos.

Seguimos coa súa política de alianza internacional e por suposto chegamos ó tema que vostede trae hoxe aquí. Nós estamos a favor, este Grupo popular condena absolutamente a barbarie, a guerra en Oriente Medio e posicionámonos a favor do postulado do Alto Representante da Unión Europea, que pasa por que? Por permitir a entrada de axuda humanitaria en Gaza, por desexar e ambicionar o postulamento político dun fin e dun alto o fogo permanente e que pase por unha decisión política.

E sabe cal é o principal obxectivo desta decisión política, señor Soto? Desmantelar Hamás, ese é o primeiro obxectivo que debería de ter calquer postulamento político **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do**

Bloque Nacionalista Galego y a su política de estrategia internacional ¿Qué es lo que están haciendo con Ucrania? ¿Cuál es su postulación respecto a Ucrania? Se negaron a condenar ustedes las sanciones a Rusia y a Putin en el Parlamento gallego y no capaces de hacer una sola intervención o posicionamiento apoyando al pueblo ucraniano y condenando la barbarie de Putin en territorio ucraniano.

¿Qué es lo que están haciendo con Venezuela? No faltaron ni 24 horas para que después del asalto de Maduro en Venezuela, a Edmundo González, elegido democráticamente, para que ustedes salieran felicitando a Maduro. Cito textualmente: el reelecto presidente de la República Bolivariana de Venezuela. Ese es el posicionamiento del BNG en materia internacional. Por cierto, acaso enviaron a unos miembros de la UPG a decir que la situación en Venezuela estaba mejor que nunca en cuestión económica y social y que no había ninguna opresión. Suba a decirlo a los miembros de la Tribuna que están hoy acompañándonos.

Seguimos con su política de alianza internacional y por supuesto llegamos al tema que usted trae hoy aquí. Nosotros estamos a favor, este Grupo popular condena absolutamente la barbarie, la guerra en Oriente Medio y nos posicionamos a favor del postulado del Alto Representante de la Unión Europea, ¿que pasa por qué? Por permitir la entrada de ayuda humanitaria en Gaza, por desear y ambicionar la postulación política de un fin y de un alto el fuego permanente y que pase por una decisión política.

*Y ¿sabe cuál es el principal objetivo de esta decisión política, señor Soto? Desmantelar Hamás, ese es el primer objetivo que debería tener cualquier postulación política **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de***



tempo de intervención).

Por suposto defendemos o fin da guerra en Oriente Medio, pero o que non pode facer aquí é vir a utilizar esta intervención dun modo ideolóxico, insisto, como se fose un panfleto político reducido a tres minutos e unha visión manida do que está a suceder en Oriente Medio.

Avogamos polo fin da guerra en Oriente Medio, poñamos dunha vez por todas solución política, acadamos unha mediación que pase, insisto, polo fin da brutalidade de quenes levan e fan un alegato dende aquí, de quenes levan anos e décadas oprimindo ó pobo árabe, que tamén son os señores de Hamás e os señores de Fatah.

Recoñezan a Autoridade Nacional Palestina. Por que non falan da Autoridade Nacional Palestina? Por que non falan do consenso de Madrid do ano 91? Por que non falan dos acordos de Oslo do ano 1993? (**Óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención**). Porque eso é consenso, mediación e acordo pola paz, do que vostede ben sabe pouco.

Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señor San Claudio.

Pecha o debate polo Goberno municipal o señor Lage.

Señor Lage Tuñas

Grazas, señora alcaldesa.

Creo que estamos diante dun asunto no que é difícil non manifestar sensibilidade. Creo que é un asunto bastante complexo, por certo, non? E aínda que sexa

intervención).

Por supuesto defendemos el fin de la guerra en Oriente Medio, pero lo que no puede hacer aquí es venir a utilizar esta intervención de un modo ideológico, insisto, como si fuera un panfleto político reducido a tres minutos y una visión manida de lo que está sucediendo en Oriente Medio.

Abogamos por el fin de la guerra en Oriente Medio, pongamos de una vez por todas solución política, alcanzamos una mediación que pase, insisto, por el fin de la brutalidad de quienes llevan y hacen un alegato desde aquí, de quienes llevan años y décadas oprimiendo al pueblo árabe, que también son los señores de Hamás y los señores de Fatah.

*Reconozcan la Autoridad Nacional Palestina. ¿Por que no hablan de la Autoridad Nacional Palestina? ¿Por qué no hablan del consenso de Madrid del año 91? ¿Por qué no hablan de los acuerdos de Oslo del año 1993? (**Se oyen dos señales acústicas indicativos de la finalización del tiempo de intervención**). Porque eso es consenso, mediación y acuerdo por la paz, de lo que usted bien sabe poco.*

Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señor San Claudio.

Cierra el debate por el Gobierno municipal el señor Lage.

Señor Lage Tuñas

Gracias, señora alcaldesa.

Creo que estamos ante un asunto en el que es difícil no manifestar sensibilidad. Creo que es un asunto bastante complejo, por cierto, ¿no? Y aunque sea políticamente

politicamente correcto en dicilo, tamén dicirlle que, evidentemente, todos os foros son bos para falar destes e doutros asuntos, e bueno, falar de esto, de Afganistán, de Venezuela, no Pleno do Concello da Coruña seguro que está ben. En calquera caso, eu a conclusión que quito é que se hai seis mocións que pode presentar a oposición e un tercio delas se dedican a falar de política internacional, é que algo debe de estar facendo ben o Goberno cando non se fala dos asuntos de carácter local.

Eu creo que a postura do Goberno de España quedou ben clara ó respecto da situación de Gaza e de Oriente Próximo. Creo que moitas veces hai bastante demagogia e bastante impostura en todos estes debates, non?, e despois, bueno, vense bastantes aspirantes a outras cámaras lexislativas, non? Eso tampouco é nada malo. En calquera caso, creo que hai feitos, creo que difíciles de negar.

Primeiro, é evidente e eu creo que non hai dúbida sobre isto, non quero deixar ningunha dúbida sobre isto, hai un dereito dun país a defenderse dunha brutal agresión como a que padeceu Israel en outubro do ano pasado, creo que é unha agresión absolutamente miserable, inhumana, e creo que os seus autores deben de ser perseguidos e responder por tódolos seus actos, non?

E eu creo que hai moitas cousas que dixo o señor Soto que son así e creo que a referencia que fixo o representante do Partido Popular, pois tamén é un feito que eu acabo de constatar. O que creo que xa é máis difícil é referirse solo a unha acción terrorista na que se matan máis de 1.000 personas e non manifestar a máis mínima humanidade coa situación que está vivindo o pobo de Gaza.

Paréceme moi ben o que di o representante do Partido Popular sobre

correcto en decirlo, también decirle que, evidentemente, todos los foros son buenos para hablar de estos y de otros asuntos, y bueno, hablar de esto, de Afganistán, de Venezuela, en el Pleno del Ayuntamiento de A Coruña seguro que está bien. En cualquier caso, yo la conclusión que saco es que si hay seis mociones que puede presentar la oposición y un tercio de ellas se dedican a hablar de política internacional, es que algo debe estar haciendo bien el Gobierno cuando no se habla de los asuntos de carácter local.

Yo creo que la postura del Gobierno de España quedó bien clara respecto a la situación de Gaza y de Oriente Próximo. Creo que muchas veces hay bastante demagogia y bastante impostura en todos estos debates, ¿no?, y después, bueno, se ven bastantes aspirantes a otras cámaras legislativas, ¿no? Eso tampoco es nada malo. En cualquier caso, creo que hay hechos, creo que difíciles de negar.

Primero, es evidente y yo creo que no hay duda sobre esto, no quiero dejar ninguna duda sobre esto, hay un derecho de un país a defenderse de una brutal agresión como la que padeció Israel en octubre del año pasado, creo que es una agresión absolutamente miserable, inhumana, y creo que sus autores deben de ser perseguidos y responder por todos los sus actos, ¿no?

Y yo creo que hay muchas cosas que dijo el señor Soto que son así y creo que la referencia que hizo el representante del Partido Popular, pues también es un hecho que yo acabo de constatar. Lo que creo que ya es más difícil es referirse solo a una acción terrorista en la que se mata a más de 1.000 personas y no manifestar la más mínima humanidad con la situación que está viviendo el pueblo de Gaza.

Me parece muy bien lo que dice el representante del Partido Popular sobre



Amnistía Internacional e sobre aqueles pobos ou organizacións que persiguen os homosexuais, que non respectan a diversidade sexual. Non fai falta ir tan lonxe para facer condenas dese tipo, pero tamén as compartimos.

A poboación de Gaza, e agora tamén a do Líbano, eu creo que está a pagar un precio que non lles corresponde, unha acción completamente rexeitable, e creo que a violencia trae máis violencia. Creo que lonxe de axudar a liquidar os problemas, só vai a servir para polarizar máis Oriente Próximo e para que o bucle de esos desexos de vinganza, pois siga a crecer nunha poboación que a base de ser masacrada e espoliada non ten xa nada que perder.

Creo que a maquinaria bélica non é a que vai a resolver o problema de Israel nin de Palestina. Se deberían de cumprir as resolucións da ONU, respectar a legalidade internacional e desde logo creo que a posición adoptada polo Goberno de España e polo seu presidente no recoñecemento de Palestina como estado, creo que é un feito, non é unha opinión. É unha acción institucional de calado sin que, por unha banda, se deixe de recoñecer que un país ten dereito a defenderse e polo tanto condenando claramente as accións terroristas que se teñen producido fronte ó pobo de Israel, pero tamén coa mesma contundencia dicir que o que está sucedendo é un auténtico xenocidio, que é unha auténtica barbaridade, que non se está respectando absolutamente nada, que estamos a falar de nenos e de familias e eu creo que é moi difícil poñerse a defender a posición que está adoptando Israel.

